


“Hai que escribir coa ambición de tentar facer un cume literario, aínda que logo se fracase no intento”



▼ CELIA TORRES

¿Cales son os eixes principais de O Centro do labirinto?

–Este libro, como me pasa case sempre, naceu a partir de certas obsesións, ou teimas, que precisaba contar. Son obsesións que funcionan como eixes magnéticos: van atraendo ó seu redor outros materiais nos que, en principio, un non pensara, e que poden acabar sendo máis importantes que os iniciais. Neste caso, as preocupacións que están na orixe da novela son: A uniformización lingüística e cultural que leva aparelada a globalización imposta polo actual liberalismo capitalista, xerme das desigualdades e principal causante do deterioro ambiental do noso planeta. O futuro da lingua e da cultura galegas; un futuro que debería permitir que se cumprise o vello soño da Xeración Nós: ser unha peza máis, en pé de igualdade, no mosaico das culturas mundiais (de aí, no libro, a imaxe da colcha de trapos). A loanza da diversidade, o eloxio de Babel. A idea de que só se pode ser universal desde a asunción das propias raíces (de aí moitos dos símbolos da novela: Compostela, os petroglifos, os carballos...). O sentido da vida de calquera persoa, e o papel do azar nas nosas vidas; pero

tamén a reflexión sobre o papel que cada quen pode xogar na sociedade, sobre a importancia da responsabilidade individual e a necesidade de intervir para mudar a marcha das cousas.

Nas presentacións da novela, tes comentado que esta é a túa obra máis valiosa. ¿Cal é a razón desta convicción?

–Nun dos ensaios de *Parado na Tormenta*, Suso de Toro fala de que hai que escribir coa ambición de tentar facer un cume literario, aínda que logo se fracase no intento. Esta vontade de intentalo foi neste libro máis forte que en ningún outro, non quería escribir só un libro máis. Eran moi importantes para min os temas que eu quería tratar, pero tamén era consciente de que iso non chegaba, que se precisaban algo máis que boas intencións para escribir un libro que apaixonase. De aí que tratase de crear unha historia e uns personaxes coa forza necesaria para que a novela lle interesase ós lectores.

A novela está adicada a todas aquelas persoas que nalgún momento da súa vida decidiron trazar unha liña e pasar ó outro lado. ¿En que momento da túa vida atravesaches esta liña?

–Eu creo que eses momentos están presentes na vida de calquera persoa, que se dan sempre que te atopas nunha encrucillada e tes que tomar unha decisión que condicionará toda a túa vida posterior. No meu caso, quizais un dos máis evidentes foi cando decidín abandonar o traballo ligado á miña anterior profesión (eu era perito industrial, levaba xa dous anos traballando) e estudar maxisterio para dedicarme ó ensino.

Bob Dylan gravou en 1964 The times they are a-changin' que constituíu un himno xeracional que expresaba a esperanza dun cambio futuro. ¿Non pensas que O centro do labirinto constituírase nunha novela xeracional dos mozos e mozas galegas da fin de século?

–Bernardo Atxaga ten dito que, cando escribe, gusta de imaxinar que ten diante os interlocutores a quen se dirixe. E que, cando escribe unha novela das que clasificamos como xuvenís, a única diferenza radica en que esa primeira fila está ocupada por caras mozas. Comparto esa idea; tratei de escribir unha novela que tivese como interlocutor principal a un público xuvenil, pero que lle interesase tamén a un público adulto, algo que tamén está pre-

Novela de anticipación

Escollín o enfoque da anticipación, porque é un dos recursos máis útiles cando se quere falar do tempo presente. Velai temos mostras como Farenheit 451, de Ray Bradbury, 1984, de Orwell, Un feliz mundo novo, de Aldous Huxley ou, por poñer tamén un exemplo da narrativa xuvenil, A triloxía dos trípedos, de John Christopher. Na miña novela, a acción transcorre no ano 2.054, pero a min non me interesaba falar do que puidese pasar daquela; eu quería falar destes derradeiros anos do século XX. De aí o recurso da anticipación, que me permitía exasperar os problemas que temos hoxe e, ó tempo, establecer un distan-

ciamento que me axudase a abordalos do xeito que eu quería. Por outra banda, mentres escribía a novela pasoume algo que nunca me ocorrera: Descubrí que o que estaba a tratar non eran só obsesións miñas, senón obsesións compartidas por moitas persoas. E atopeime recortando unha chea de artigos, en xornais e revistas, que conectaban co que eu estaba escribindo (o último, coa novela xa rematada, foi a desacoucante entrevista a Mayor Zaragoza, con ocasión do Cumio de Terra que se vén de celebrar en Nova York). Creo que son obsesións que están no aire que compartimos, e que nos preocupan a moita xente.

A memoria que nos perpetúa

▼ CONCHA COSTAS

O centro do labirinto é unha novela intensa, con mensaxe, que nos sitúa nun futuro (mediados do século XXI) no que se reflexiona e se fala moito dun pasado que para nós é presente.

Como profesora, non puiden, nin quixen, evitar unha lectura especialmente didáctica, igual que Agustín, como ensinante tamén, non só non evitou senón que buscou unha novela especialmente didáctica. Arredor dunha viaxe e dun contraste de xeracións (unha muller a punto de cumprir 50 anos e un fillo adolescente), artéllase unha historia na que se van entretecendo aspectos tremendamente interesantes que provocan unha seria reflexión: o escepticismo ante a unificación económica de Europa que pode traer detrás a unificación cultural (fronte á riqueza que supón a diferenza e a variedade) e a uniformización empobrecedora que acaba por atar a xente nova ás pantallas descoitando, por exemplo, a lectura, o disfrute da natureza, a valoración da amizade, da lealdade, das causas nobres, En fin, a análise crítica dun proceso político demoleedor de unificación (ironicamente, o mundo feliz), fronte a todas e todos os que quedan fóra, do outro lado da raia.

Como lectora, ademais desa reflexión que a mensaxe do libro esperta, O centro do labirinto remitiúme a lecturas e a feitos vividos establecendo así esa dimensión máis afectiva que provoca o recoñecemento do que nos resulta familiar.

Na novela está, de maneira expresa, unha das miñas lecturas máis entrañables, O principio, “un libro antigo, de mediados do século pasado”. Se cadra, tamén David, o protagonista adolescente da novela, á súa maneira, é como o principio: un rapaz que viaxa a un mundo estraño que funciona con valores distintos dos seus.

Está tamén un dos meus autores máis entrañables, Otero Pedrayo. E esta é unha presenza máis implícita que eu vexo, por exemplo, no esforzo do autor por transmitirlle ás xeracións máis novas o herdo da lingua e dos valores tradicionais; e igual que o señor Vences, en A lagarada, nun arrebatado por salvar a tradición, quere recuperar o uso dunha vella pipa de carballo, tamén os carballos en O centro do labirinto, han ser un elemento simbólico decisivo no proceso que leva a David, como á maorazga dos Puga, a trazar unha liña no chan e pasar ó outro lado.

E por último, no libro está tamén unha das miñas viaxes máis entrañables, unha recente estada dun mes en Gales. Nesa viaxe visitei na vila de Machynlleth un museo dedicado ás culturas celtas chamado Celtica. Nunha das salas proxectábase un vídeo no que un bardo, desde unha pantalla situada no teito, falaba cun neno que aparecía nunha pantalla situada no chan. O bardo encomendáballe ó neno, discípulo seu, unha importante misión: viaxar ó futuro para contarlle como ía ser o mundo; o neno viaxa en catro ocasións convertido en distintos animais e regresa para lle facer unha pormenorizada descrición de todo o que ve: guerras, coches, progreso, cidades, avións, ... O druída vaille preguntando que foi dos deuses, da relixión, da cultura, dos druídas, etc. e hai dúas cousas que lle preocupan especialmente do mundo futuro: a poesía e a lingua. O neno cóntalle que a xente segue a cultivar a poesía e que a lingua, logo dunha etapa difícil, volve a recuperarse con forza, ensínase nas escolas e os nenos e nenas fálan de novo. O druída esforzase en que o neno entenda que eses son dous piares importantes para construír un futuro sólido. Tamén no futuro que nos describe Agustín Fdez. Paz na súa novela a poesía (con ou sen música) e a lingua son pezas clave na memoria que nos perpetúa.

sente noutros libros meus (velai *Cartas de inverno* ou *Amor dos quince anos*, Marilyn, por citar dous dos últimos).

A inclusión de *The times they are a-changin'*, a canción que Bob Dylan gravou en 1964, un himno xeracional que segue a ter toda a actualidade, quere sinalar a esperanza dun cambio futuro, así como a forza que teñen as ideas, imprescindibles para poder poñer-

lo en marcha. Un cambio que teñen que facer as xeracións mozas de hoxe, nelas está o futuro. A última liña do libro (o derradeiro verso de *Estirpe*, de Méndez Ferrín) quere sinalar a esperanza nese futuro. Que a miña novela chegase a cumprir ese papel de referente para a mocidade galega destes anos sería unha satisfacción inmensa para min.